



## ACTO DE PRESENTACIÓN E INFORMACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS EMEGA 2022

### LANZAMENTO DO PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN DO PROGRAMA EMEGA (retransmisión en directo por internet)

ENLACE: <https://youtu.be/xi1223jDP90>

Axudas do programa Emeqa para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19 (código de procedemento SI429A).

A Secretaría Xeral da Igualdade (Consellería de Emprego e Igualdade) a través da convocatoria do Programa de axudas Emeqa, incentiva ás mulleres que son emprendedoras en Galicia e concede un conxunto de axudas dirixidas a apoiar:

- A posta en marcha (liña EMPRENDE e ITEF)
- A reactivación (liña ACTIVA)

de iniciativas empresariais constituídas por mulleres; xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (axuda complementaria CONCILIA); así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos seus proxectos empresariais.

Todas as beneficiarias da axuda Emeqa terán acceso ao servizo de información e orientación empresarial a través do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.



### **CONVOCATORIA acto informativo EMEGA 2022**

Este evento informativo será en formato virtual para que todas as emprendedoras beneficiarias do Programa Emega podan conectarse e participar de forma activa.

**Data:** venres 4 de novembro de 2022

**Hora:** de 10.30 h a 13.00 h

**Lugar:** Secretaría Xeral da Igualdade. Sala de Xuntas da Conselleira de Emprego e Igualdade terceiro andar do edificio administrativo de san Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela

**Plataforma:** canle youtube womanemprende <https://youtu.be/xi1223jDP90>

**Programa:**

10.30.- Benvida e presentación do Programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia.

Susana López Abella. Secretaria Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Luis Otero González. Delegado do reitor para a Transferencia e o Emprendemento. Universidade de Santiago de Compostela

11.00.- A resolución das axudas do Programa Emega 2022: documentación xustificativa da subvención e presentación do servizo de información e asesoramento.

Aurora Patiño Doval. Subdirectora Xeral de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade.

Rosana Allo Lago. Xefa do Servizo de Fomento da Secretaría Xeral da Igualdade.

Eva López Barrio. Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

12.00-12.30.- Participación das emprendedoras e resolución de dúbidas

12.30-13.00.- Charla informativa: “O proxecto emprendedor como un proxecto de vida”.

Eva López Barrio. Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

13.00.- Peche do programa